

# CASA-MUSEO DE CAMAÑO XESTIDO A MANGALLONA

GALEGO - CASTELLANO - ENGLISH





## CAMAÑO XESTIDO, Camilo

COIRO - CANGAS DO MORRAZO - GALIZA (1951)

A lectura coa que un se queda despois de analizar a obra de Camaño Xestido no seu conxunto, logo de estudala unha e outra vez, de destripala, é a de estar perante un artista que adicou toda a súa vida ao difícil, incomprendido e solitario mundo da arte, con todo o que conleva, con todas as súas luces e todas as súas miserias. A arte levada ás súas últimas consecuencias. Camilo é o notario plástico de todo o que aconteceu na súa contorna, pincelada a pincelada, trazo a trazo, golpe a golpe vai deixando a súa pegada, cada cadro, cada escultura, cada acto é un “xirón” de pel.

Un home inconformista, ingobernable, indomable onde os haxa, porén déixanos un legado ateigado de tenrura, sempre, mesmo nas obras que teñen unha carga máis contestataria evita a agresividade.

Camilo conquista o mundo desde a paz, desde o diálogo, desde o equilibrio, inúndanos de serenidade pese aos seus berros de ‘Patria ou morte!!’, que non son máis que a dor da inxustiza alá onde a atope, pero os que o coñecemos sabemos ben que a súa rebeldía non empuña o aceiro, todo o contrario, a palabra, o pigmento e o compromiso son as súas armas e o seu escudo.



FUNDACIÓN  
CASA - MUSEO DE CAMAÑO XESTIDO  
A MANGALLONA

# AGRADECEMENTOS

A todas e tódolos membros que conforman o Colectivo de Amigos da Mangallona, polo seu incondicional apoio, Membros de Pleno Dereito da Fundación Casa-Museo de Camaño Xestido “A Mangallona” A.C. e, de maneira especial ás e aos compoñentes do Padroado, pola súa incondicional entrega e compromiso co proxecto do conxunto museístico e ao seu desenvolvemento.

Realización e documentación  
Padroado da Fundación Casa-Museo de Camaño Xestido  
“A Mangallona” A.C.

Fotografía  
Fondos da Fundación

Revisión de textos  
Xosé Manuel Pazos Varela

Tradución ao inglés  
Jazmina Soliño Dobarro

Maquetación  
Beatriz Giraldez Camaño . adetrix

Edita  
Fundación Casa-Museo de Camaño Xestido “A Mangallona” A.C.  
Cadernos de “A Mangallona” Nº 2

Imprime  
Irisar · Cangas do Morrazo

Depósito legal  
PO 628-2014

ISBN  
978-84-617-2748-3

---

2ª Edición (outono de 2014), actualizada dunha primeira edición de carácter limitado e realizada có gallo do Día das Letras Galegas de 2011.

---

CADERNOS DE A MANGALLONA - Nº 2

# CASA-MUSEO DE CAMAÑO XESTIDO A MANGALLONA

Percorrido polo tempo da Casa-Museo, así como síntese de continentes  
(Mangallona, Pedra Moura e Capela-Biblioteca) e contidos xenéricos  
das once salas e exteriores das que se compón o conxunto.



Casa - Museo de Camaño Xestido "A Mangallona"  
Carballal 1 - 1B, Coiro - Cangas do Morrazo  
Pontevedra (SPAIN)

[www.mangallona.blogspot.com](http://www.mangallona.blogspot.com)

Coordenadas

Latitude 42° 17' 8.73" N

Lonxitude 8° 46' 20.73"



A María Núñez Jalda,  
por tanta vida entregada á Mangallona.

## A MANGALLONA E O SEU CREADOR, CAMILO

A presente publicación ten a súa orixe na figura do artista Camilo Camaño Xestido. Podemos dicir que o fío condutor deste percorrido, ser humano polifacético onde os haxa, acostumado xa a recibir loas, non só pola creación que verten as súas mans e o seu intelecto, senón tamén pola calidade humana que zumega cada célula do seu complexo organismo.

Esta é unha das publicacións que facemos, desde a Fundación Casa-Museo de Camaño Xestido “A Mangallona” AC. Unha das que agardamos realizar o grupo humano que conforma a devandita Fundación. Deste xeito, presentámonos co único fin de divulgar o labor creativo de Camaño Xestido e a existencia da Casa-Museo. Una institución que ben vale o esforzo, e moito máis, pois toda unha vida de expresión artística, non se pode condensar nuns centos de documentos, nin en miles realmente. Para iso están os sentimentos e as sensacións que poida espertar a contemplación dunha obra do Mestre Camaño. Aínda que hai moito máis que a súa obra na Casa-Museo, é tamén a súa esencia a que vertebra cada metro cadrado dese conxunto museístico, que se ergue na ladeira da Fraga de Coiro. Se as auras e as boas vibracións foran visibles ao ser humano, ese reduto de terreo onde se ubica “A Mangallona”, sería un feixe de cores cálidas, atraentes como un gran faro no medio dun escuro océano, un lugar que hai que visitar cando menos una vez na vida, como certos lugares cargados de espiritualidade ou maiúsculo interese. Sen ánimo de adoutrinar, pero si de facer apoloxía na orde ao que é xusto e merecido, preséntase esta análise básica do que significa e onde se radica na orde das cousas materiais e incorpóreas, a Casa-Museo Camaño Xestido “A Mangallona”.

Neste sucinto paso polo conxunto museístico, vertébranse os diferentes estilos artísticos polos que discorre a vida creativa de Camaño Xestido. Entramos xa no contido. Analízanse non só os períodos estilísticos, senón o que vai máis alá do meramente visual, as emocións que pertencen ao plano da percepción e que aportan estes diversos puntos de vista dos case cincuenta anos de vida da produción artística de Camaño Xestido. Os seus “partos” como él os chama.





Se quixeramos aproximarnos á parte máis desenfadada e cercana da figura de Camilo, irremediabilmente conduciríanos a afondar en tantos escritos dedicados á súa persoa, por amigos/admiradores/investigadores, nos que se narra a dobre vertente deste artista: a súa calidade plástica e a súa calidade humana.

Para concluír, destacar como parte esencial o apartado gráfico, que recrea como unha realidade sincera, as expresións artísticas que encerra a Casa-Museo.

Se ben despois de ler esta introdución, un busca con ansia curiosa a musa de Camilo na súa obra, abonda dicir que a súa musa sen dúbida foi a súa vida, as súas fillas e a súa neta (os seus tres amores) e o cúmulo de seres humanos que completaron e completan a súa existencia. Que esta publicación sexa só unha sucinta guía, pois a súa arte non ten fin, él mesmo dálle nome e para sempre quedanos o que os seus dedos vertebran con mil cores ou só con unha. A imaxinación, para Camilo, xa non necesita de grandes cromatismos, pois chegou a tal punto de unificación creativa, que a máis pura das liñas pode encerrar décadas de aprendizaxe e sabedoría.

Este texto Camilo, vai dedicado a túa persoa, coa mesma humildade que nos transmitiches ti. Aos que nos cruzamos no teu camiño, o Destino e as Moiras repartíronos unha baralla con estrela, nesta partida que é a vida. Esa estrela é a túa existencia, que escintila xa no Cosmos das Artes, chamadas tradicionalmente, “Belas”.

Pilar Monroy Fernández  
(extracto)





# PASADO E PRESENTE DA CASA A MANGALLONA

## SÍNTESE

As imaxes que se engaden de seguido, son unha fiel mostra da sensible transformación que sufriu a casa que fora de Don Juan Fraga e, que logo do paso do tempo, quedara en absoluto abandono, debido entre outras razóns, á mala sona que esta tivera, logo de ser habitada por Dona Leonor Fraga, sona que segue latente nas memorias da veciñanza.

Un mural, na entrada principal da devandita casa, trata de ilustrar en síntese, as lendas e historias que seguen vivas grazas á tradición oral, recreadas en aconteceres, entre verdades e medias verdades, que pesan sobre a Mangallona, -así era coñecida dona Leonor, filla do Señor das Fragas- e última habitadora da devandita mansión.



De seguro que esa mala sona atribuída a Leonor, non teña outra razón máis que o destino a tivese levado a unha zoa rural como lugar de residencia, sobre todo ao tratarse daquela dun lugar illado, pois o seu emprazamento ao pé da Fraga de Coiro, en pleno val cruzado polo Río do Boubou ou Bouzós e no medio dunha encrucillada que conducía a Cangas, Hermelo, San Cosme, camiño de Bueu e a propia Fraga, vieiros que comunicaban aos municipios de Cangas, Moaña e Bueu e, de maneira especial, o ser un personaxe fóra do seu tempo, de costumes escasamente aceptadas na época



É posible que o devandito encrave, ategado de maxia, xunguido á personalidade de Leonor, contribuísen a que a casa adquirise esa aura que a caracterizou e que nos derradeiros anos da súa habitadora, pasase a ser lugar de encontros, troulas e bacanais e mesmo a entroncar con actividades venciñadas á curandeiría e menciñeiría, tamén á bruxería, razóns polas que foi adquirindo adxectivacións e sobrenomes como: “Casa das Luces”, “Casa das Bruxas”, ademais do xa citado “Casa da Mangallona”. Aínda hoxe é común intuír o pánico e rexeitamento que os parroquianos sentían ao seu paso pola contorna, polo Camiño do Cocho, pois froito dos ditos populares, logo do pasamento da moradora Leonor, seica se percibían efectos paranormais, como verse luces cando non existía luz eléctrica na zona, ou

escoitar laídos, pois a tradición tamén recolle o desenvolvemento de prácticas de maxia, mesmo maxia negra, co engadido de sacrificios.

Nos anos setenta, o actual propietario Camilo Camaño Xestido comeza a facerse cos arredores, co fin de acadar mercar o deteriorado inmoble, en absoluto estado de abandono, posto que, desde o pasamento de Leonor, ninguén se atrevera a habitala, a excepción de servir como escola unitaria masculina, nos anos cincuenta, con escaso éxito e por tempo limitado, o xusto de construírse o Colexio do Castrillón. Naquel tempo como centro docente, tamén era coñecida como a “Escola da Mangallona”.







# A CASA-MUSEO

Hoxe “A Mangallona”, convertida en casa-museo, ademais de ser lugar de encontro de diferentes culturas, artistas e intelectuais, é un referente socio-cultural, non somentes polas obras de arte, coleccións e biblioteca que alberga, senón tamén polas actividades que desenvolve, adoptando o nome de Casa-Museo de Camaño Xestido “A Mangallona”.

O conxunto museístico está formado por tres edificacións: A propia casa principal “A Mangallona”, anexa a esta “A Pedra Moura” e unha terceira edificación a escasos metros das anteriores e na outra marxe da estrada (Cangas-Coiro-Magdalená) “A Capela-Biblioteca” ou “Casa do Artista”.



Na actualidade está rexida por un Padroado que forma parte da Fundación Casa-Museo de Camaño Xestido “A Mangallona” AC., coa presidencia de honra do seu fundador, Camilo Camaño Xestido e presidencia executiva da súa filla Thania Camaño, colaborando asemade unha serie de membros que conforman o colectivo “Amigos da Mangallona”.

As devanditas tres edificacións, compostas por once salas, acollen varios miles de obras de arte, creacións de Camaño Xestido, así como un importante e nutrido número de obras doutros autores e obxectos de colección, ademais da devandita biblioteca e sala de lectura, anexa á Capela, tamén coñecida como Casa do Artista, pois ademais dos contidos, serve de espazo de acollida para artistas que participan en intercambios culturais e encontros e obradoiros vivos.









# 1

S A L A

## SOTO

A casa principal, que consta de catro niveis, acubilla no primeiro a Sala 1 ou Sala Soto. Neste espazo predomina a obra pertencente ao remate dos anos sesenta e boa parte dos setenta, primeira etapa consolidada de Camaño Xestido, con evidente presenza figurativa e realista a través de iconografía costumistas. Obra academicista e de coidada elaboración, que vai evoluíndo cara a un post-impresionismo, no que a pincelada é sensiblemente máis diáfana e matérica. No referido á escultura, de igual xeito, narra vivencias do seu máis inmediato entorno.









# 2

S A L A

---

L

O segundo nivel, consta de dúas salas: Sala 2 ou Sala L e Sala 3 ou Sala G.

A Sala 2 acolle a obra pertencente ao período comprendido entre finais dos setenta e os oitenta, aproximándonos a unha corrente claramente abstracta e conceptual, en gran medida correspondente á serie “Un berro ecolóxico e loita encol dos brancos”. Esta obra, na súa maioría de gran formato, con tratamento pulcro e inmaculado, reduce a paleta á mínima expresión, co uso dunha escala cromática austera, case que con absoluta ausencia da cor para a composición de iconas harmónicas, sempre sesgadas por liñas, que máis tarde se converterán en acoitelamentos e incisións físicas no propio soporte, cunha triple significación: un desmesurado inconformismo con tendencias impostas e onde todo vale, unha contundente denuncia e contestación en favor da humanidade e o medio no que habita e a universalidade da arte, así como o seu sentido espacial. Nesta etapa, comeza unha obra de loita, de activismo, de marcado carácter social e reivindicativo, na que a creación plástica deixa de ser simple fenómeno estético, ou servir de mero pracer estéril, para se converter nunha contribución ao desenvolvemento humano, así como á protección do planeta. A escultura evolúe de xeito paralelo ao da pintura.

Nesta serie, Camaño Xestido, asemade, ven expresar a súa negativa a aceptar como única proposta ou como proposta válida, a pseudo-corrente da “arte do todo vale” ou, como único elemento na consecución creativa plástica, o concepto, ou o que é peor, a casualidade, aferrándose a que “nada é casual na arte agás o meramente casual”.

Na parte central desta Sala pendura unha colección de pezas, con motivos fundamentalmente florais, de fresca execución e pertencentes a diferentes épocas, coa única pretensión da posta en valor da flor, sempre considerada subxénero.















# 3

S A L A

---

## G

A Sala 3 ou Sala G, está adicada a unha ampla colección, que baixo o título xenérico “Da figuración ao conceptualismo” e, correspondente a finais dos oitenta e anos noventa, reflicte dúas realidades tan antagónicas na súa temática e execución, como no propio contido, nembargantes, ámbalas dúas vencelladas a un mesmo fío conector: a negritude.


Por unha parte a “Serie Negra Berlín”, narra a xelidez dun pobo calculador, un clima extremo baixo un gris plumizo. A estada de Camaño Xestido en Berlín, con actividades relacionadas coa arte, polos inicios dos noventa, serviulle como estímulo para crear esta etapa, pois estaba latente a caída do “Muro” e consigo, a xenreira entre berlineses occidentais e orientais. É posible que o estado físico e psíquico de Camilo tamén incidisen no endurecemento da continuidade da anterior obra.

Pola outra, a “Serie Afro-Americana”, como contrapunto, relátanos a mornura e calidez dunha cultura que, apesares de ser secularmente desprezada, escravizada e sometida, sempre está disposta a ofrecer un sorriso, desbordante amizade e complicidade. Camaño namórase da negritude e do indixenismo e, en cada viaxe, non escatima esforzos para convivir e beber da súa ancestral sabedoría. Coñece en profundidade as xentes desa morna xeografía, de maneira especial en Cuba e Brasil, na Amazonia, xentes ás que dedica a maior parte da serie, xogando un rol fundamental unha das modelos que permaneceu fiel a él durante longos anos: Xulia, compañeira que o introduce na profunda negritude, no indixenismo, tamén nos costumes e tradicións, así como no rexurdir dos cultos afros.

A devandita Sala G tamén acolle, como salón de actos, diversas actividades como recitais, proxeccións, conferencias, concertos, encontros e infindas manifestacións sociais e culturais.















# 4

S A L A

---

BC 1

## SALA DOUTROS AUTORES/AS

No terceiro nivel, atopámonos coa Sala 4 ou BC 1. Como si se tratase dunha paréntese, acolle unha nutrida colección que Camaño Xestido foi aglutinando doutros autores, amosando deste xeito un grande respecto, tanto polas diferentes tendencias, como creadores e creadoras, unhas veces amigos e outras simplemente pola admiración respecto da intrínseca obra. Esta sala pon de manifesto a filosofía e, o amor por todo o relacionado co fenómeno plástico, sen excepcións, que Camilo quixo imprimir ao conxunto da Mangallona.

Nesta Sala podemos atoparnos con obra de consagrados artistas, ou con obra de autores e autoras incipientes, -pintores, escultores, fotógrafos e outras manifestacións plásticas-, todas igualmente importantes para Camaño.















# 5

S A L A

---

## BC 2

No mesmo andar ca anterior atopamos a Sala 5 ou BC 2, na que nos volvemos mergullar na obra de Camaño Xestido. A obra contida na ala dereita corresponde á conclusión das anteriores, un construtivismo onde a liña que supuña un estado de rebeldía e contestación, agora convértese en algo autosuficiente para a consecución da obra definitiva. Obras compostas de liñas e trazos, con case absoluta ausencia da mancha. Pola contra, na ala esquerda volvemos atoparnos con obra mais costumista, presidida por un retrato de considerables dimensións, onde predominan os azuis, nunha composición cromática sutil e ao tempo atrevida e que vai supor a antesala do que será o austero traballo a base de pigmento natural, e co reto de prescindir dun deles, polo que se enfronta á dificultade da execución policromática a base de so dúas únicas cores.

Nesta sala albérganse igualmente amplas e variadas coleccións que o artista foi amoreando ao longo da súa xa dilatada vida, froito asemade das infindas viaxes, encontros, intercambios e a propia curiosidade e admiración polo coleccionismo. Como si se tratase dunha necesidade vital, Camilo, no decorrer dos tempos, entendeu que obxectos que aparentemente carecían de toda importancia para el, ían supor a conservación de costumes, tradicións ou maneiras de vivir, por iso non so se interesou por obxectos de valor, senón, ademais, polos que simplemente contiñan un valor sentimental ou testemuñal.

Tamén acolle, nunha das vitrinas alí expostas, o legado que a familia do músico e compositor Mestre Carballo, doou á Casa-Museo, contendo algúns instrumentos musicais, efectos persoais e un importante número de partituras de creación do devandito compositor, así como arranxos realizados doutras obras.

A ambos laterais desta mesma sala, dous catres acollen unha importante escolma documental musical, froito de investigación musicolóxica que abrangue toda a bisbarra, depósito aportado pola A.C. Belas Artes, así como depósito de arte e documentación.









# 6

S A L A

---

## FONDOS

A continuación atopamos a Sala 6 ou Sala F, que ademais de contar con dous espazos dedicados a albergar abundantes fondos de obra nos laterais da mesma, a parte central acolle principalmente a serie denominada “Arquitecturas, Danzas e Tradicións”, así como parte da serie “Galiza Profunda” e, dentro desta última, “Na procura da natureza perdida”, tamén da serie “ Mar adentro”.

Esta sala está presidida por un mural políptico de grandes dimensións, así como múltiples pinturas, debuxos e bocetos, pertencentes á antes referida serie “Arquitecturas”, que, a xeito de homenaxe, Camaño dedica ao que fora un dos grandes arquitectos do século XX, Antonio Palacios, polo que sinte grande respecto e admiración, e pon de manifesto o seu apego á arte da arquitectura. Este conxunto de obra dedicada a Palacios está recreada nunha das construcións máis eclécticas e monumentalistas deseñadas polo xenial arquitecto, o Templo da Veracruz (Carballiño). Acompañando ao devandito conxunto de arquitecturas, encontraremos entre outras, obras referidas á recuperación das mais senlleiras tradicións e, pertencentes á serie “Danzas e Tradicións”, serie na que se recollen testemuñas das ancestrais danzas gremiais, como a Danza de Aldán ou de San Sebastián, que perdura a pesares decorrer dos tempos, ateigadas de preciosismo e simbolismo, sendo das escasas manifestacións que se conservan como Danzas Tradicionais e Procesionais, xunto coa de San Roque de O Hío, ou a mais recentemente recuperada Danza de Santa María de Darbo, todas pertencentes ao municipio de Cangas.

Nesta serie tamén se pon de manifesto o grande rol da muller dentro da música tradicional, algo impensable en tempos pasados, nos que o seu papel era reducido a cantareira ou pandereteira, escasamente instrumentista integrada.

Nesta mesma parte central, unha curiosa e importante colección de fósiles completan os contidos. Trátase de máis dunha vintena de fósiles de Ictiosaurios (Ichtyosaurus), investigados pola Universidade de Stelembohe (Cape Town- Sudáfrica), que os sitúan no Mesozoico, Liásico inferior e Triásico, é dicir, entre hai 200 e 300 millóns de anos, cunha marxe de erro de 0,6.
















# 7

S A L A

## BC3 OBRADOIRO DE INVERNO

No cuarto nivel atópase a Sala 7 ou Sala BC 3, tamén coñecida como Obradoiro de Inverno, zona mais íntima e doméstica, por compartir sala de encontros co cuarto do propio Camaño Xestido.

Esta sala, que preside unha pintura de gran formato executada no teito, serve de depósito de obra, espazo onde o artista primordialmente debuxa e contén certa cantidade de obra exposta, obra que mestura diferentes tendencias e épocas. Tamén contén importante cantidade de pezas de colección de carácter máis persoal.









# 8

S A L A

## OBRADOIRO

Se volvemos ao primeiro e mesmo nivel que a Sala Soto, como apéndice da edificación principal, está a Sala 8 ou Obradoiro. Este lugar é o verdadeiro laboratorio-obradoiro, no que Camaño Xestido desenvolve o seu labor creativo. Aí pinta, esculpe, experimenta, crea, inventa e reinventa novas e distintas maneiras de narrar a través da plástica. Investiga sobre novos e diferentes materiais ou soportes, mergúllase no seu fantástico mundo de alquimista, mesturando pigmentos naturais, en lugar da materia comercializada para tal efecto. Reflexiona sobre todo o feito, ese sacrificado e duro camiño percorrido, ateigado de sufrimento, auténtica tortura entre parto e parto, entre reflexión e execución, pero asemade igualmente ateigado de satisfaccións, co resultado da obra definitiva.

Este espazo, ademais serve de lugar de encontros e tertulias cos seus amigos, ou mesmamente con visitantes, espazo onde tamén comparte mesa e mantel con moitos deles.











# 9

S A L A

## PEDRA MOURA

Unha edificación anexa á Mangallona alberga a Sala 9 ou Pedra Moura, nome que adquire por estar presidida por unha pedra granítica en forma de ara, de grandes dimensións. Esta sala acolle unha ampla colección de retratos de diferentes épocas creativas de Camaño Xestido, pertencentes a un movemento totalmente realista e figurativo.

Esta Sala, que noutroora fora obradoiro de Camaño, serve asemade de lugar de reunións e encontros realizados polo propio Camaño Xestido, de carácter artístico e cultural, a nivel local, autonómico, nacional e internacional. De igual xeito, serve de sede ou lugar de xuntanzas de diversos colectivos sociais ou culturais da contorna.

En ocasións, esta edificación serviu asemade como estancia de artistas que acudiron á Mangallona, para compartir experiencias e asistir a encontros ou obradoiros vivos e chegados doutras latitudes, de aí esa dobre función, non somentes como sala de exposición ou museística, senón tamén como lugar de acollida.









# 10

S A L A

## CAPELA OU CASA DO ARTISTA

Saíndo do entorno da Mangallona e cruzando a estrada, imos encontrarnos coa Sala 10 ou Capela, tamén coñecida como Casa do Artista, posto que esta si exerce de estancia de artistas que efectúan intercambios coa Mangallona. Nesta edificación está a obra de corte sacro que Camaño Xestido foi realizando, que aínda que escasa, non é por iso menos importante.

Aparte dunha continuación de obra xa existente na Sala 6, referida ás Arquitecturas, Camaño realiza unha serie de obra intrinsecamente sacra, centrada principalmente na Semana Santa de Lucena (Córdoba), froito dunha estadía no devandito lugar e abraiado polo preciosismo iconográfico polo que se compón tal evento cultural e espiritual.

Algo que non pasa desapercibido en Camaño Xestido é o engadido a esta ricaz expresión plástica por medio da imaxinería escultórica, a non menos importante artesanal da ourivería, coa que se complementan os pasos procesionais.

A colección existente nesta Sala, ademais da obra de Camaño Xestido, vese complementada por variedade de obras e obxectos de colección e de época, igualmente de carácter relixioso.











# 11

S A L A

---

## BIBLIOTECA

Como abrazando esta edificación, de arquitectura máis humilde por tratarse dunha recuperación de anteriores cortes de gando, en forma de ele atópase a Sala 11 ou Biblioteca, cuxo fin é acoller biblioteca, fonoteca, videoteca, filmoteca e todo o referido ao documentalismo. Asemade este, espazo conta cunha sala de lectura e multiusos.

Presidindo frontalmente este espazo están dúas esculturas de gran formato, unha na entrada de devandita capela, escultura lineal que semella ser a espadaña da mesma. A outra, na entrada da biblioteca e parella á anterior, de considerables dimensións, trátase dunha composición conceptual, cuxo significado quere ser un enorme pergameo que conclúe cunhas curviliñas representando un libro.

Como dato a subliñar, dicir que o deseño desta última estancia está en certo modo acondicionada por un conxunto de obras escultóricas de deseño e autoría de Xaime Quessada e Acisclo Manzano, obras que formaron parte da escenografía da obra representada polo Centro Dramático Galego, “O incerto Señor Don Hamlet” de Álvaro Cunqueiro.







QUEZPINTURDE...  
nuetmariamendezferrinca...  
resmendin...  
rtincodaxm...  
ciamarquez...  
asaalderreyjo...  
unorosaliade...  
beirofrancisc...  
riobernardi...  
iramongir...  
pendarioxa...  
zorafaetaibe...  
vernemiguel...  
irocelsodem...  
iraneiravila...  
kespearerar...  
andecangas...  
rezestani...  
albertovazqu...  
amagootega...  
rcialorcago...  
stermiguel...  
drarafaelm...  
raimanuel...  
adocurrosen...  
noncabani...  
nilojosecel...  
higrubenda...  
Skinag...

...verde de Paradis...  
...de adanacvapa...  
...de detalos visiones de espa...  
...hermanos karamazov guerra...  
...me los gozos y las sombras...  
...rescoase nardadenopur...  
...sespiritusmascara de...  
...queiratasumadelos dia...  
...memoriasdunneno abregocia...  
...diario de un emigrante aventuras...  
...iliada adamad...  
...quiencia cort...  
...lacasadeber...  
...xanoconqu...  
...divinacomedia...  
...retratoensepia...  
...unamuerteanunciadamarinero...  
...entomareiroveintemilleguas...  
...marinocantigaasmaraonordel...  
...zdocarpinteiro laci...  
...aencantac...  
...andarask...  
...stengaliz...  
...recedeira...  
...aerrantet...  
...odavino...  
...rasdet...  
...gordo...  
...crus...  
...metecata...



9/11

---

## A CONTORNA

Os exteriores do conxunto arquitectónico acollen unha importante cantidade de obras escultóricas e muralistas, que harmonizan e complementan o conxunto.

Nesta breve síntese,ponse de manifesto a filosofía que Camilo Camaño Xestido quixo imprimir ao conxunto museístico de “A Mangallona”, un mundo idílico e romántico creado á súa medida. Un singular e particular mundo, de carácter privado máis de uso e utilidade públicos, esforzo absolutamente persoal posto ao dispor da humanidade, co fin de contribuír á mellora da convivencia e calidade de vida da colectividade, tamén da conservación do planeta, co gallo da contribución á súa sostibilidade, pois entende que a Arte debe influír no melloramento social, non debendo reducirse a un mero pracer estéril.


Camilo así o decidiu e entregou boa parte da súa vida a crear e imprimir en cada obra unha permanente narrativa reivindicativa, indiferentemente se se trata dunha flor, unha paisaxe, unha figura ou o máis puro concepto. En cada obra trata de engadir unha mensaxe para a esperanza, unha constante denuncia contra tanta inxustiza e brutal desigualdade, el cre na transformación social desde o activismo cultural en xeral e, desde a Arte en particular.






















É desexo que a mensaxe desta publicación, que non ven ser máis que o contido do conxunto museístico da Casa-Museo de Camaño Xestido “A Mangallona”, contribúa aos fins e filosofía que o seu creador quixo transmitirnos e, por extensión, ao conxunto da sociedade, con todo o seu facer artístico.





p. 80

CASA - MUSEO DE CAMAÑO XESTIDO 'A MANGALLONA'  
Cadernos de A Mangallona · Nº 2



## CAMAÑO XESTIDO, Camilo

Nace en Coiro, parroquia do Concello de Cangas do Morrazo (Pontevedra) o tres de xaneiro de 1951, no seo dunha familia de labregos e mariñeiros. Rebelde cos plantexamentos docentes e crítico co desenvolvemento sociopolítico da época.

Apaixoado polo tratamento de espazos, arquitectura, deseño e creatividade plástica (pintura, escultura, obra gráfica, ilustración, escenografía) á que consagra a súa vida.

Director da Casa da Cultura de Cangas e Responsable de Arte e Patrimonio, Secretario do Consello Rector do Centro Social Casa da Bola, membro do Padroado Municipal do Patrimonio Histórico Artístico e Documental de Cangas, membro do Consello Local de Saúde, cofundador e membro de diversos colectivos cívicos, culturais e artísticos da bisbarra, membro fundador do Colectivo Galaico -Luso GALUART - GRUPO 13- (colectivo internacional de artistas plásticos e visuais), membro da Asociación Galega de Artistas Plásticos e Visuais (AGAV), membro dos Colectivos Artísticos “Carballart”, do galaico-arxentino “Raíces”, “3+3 Vigo”, membro de honra de Le Circle des Artistes Peintres et Sculpteurs du Québec, membro colaborador do Proxecto Cultural Europeo Comenius, entre outros. Fundador e Gran Maestre da Serenísimas Orde dos Cabaleiros da Pedra Moura. Presidente de Honra de Fundación Casa-Museo de Camaño Xestido “A Mangallona” AC. Xurado e Comisario de diversas exposicións e certames nacionais e internacionais.

Institúe no 1989 o Premio ó Labor Cultural e Investigación “Luces na Mangallona”, evento cultural que se celebrou na Casa-Museo A Mangallona cada noite de San Xoan, e se distinguiron durante once edicións a persoas, entidades ou colectivos, polo seu labor a prol da cultura e investigación. Ademais de crear un nutrido número de obra nas máis diferentes linguaxes da expresión plástica, especialmente pinturas, esculturas e deseños, publica varios artigos centrados na crítica e comentarios de arte, así como relatos relacionados coa historia local e Galicia máxica.

Ilustra diversos libros, sendo os últimos: “Palabras que hablan”, publicación do poeta madrileño Rafael Mayor, “Os Canteiros e os Reloxos de Sol” do investigador belga Jozef Van Linthoudt, ámbolos dous asemade prologados por el mesmo, “Veleiro de Soños” de Xosé Santos (Pepe o Poeta), “Taberna de Soños” poemario de Serafín Graña Rúa, “Bernardino Graña, 75 aniversario” (Xerais), “Anxo Gago-Manxadoira e a música tradicional”, etc.

Colabora na rodaxe documental “La Generación del 98”, coprotagonizando a personaxe de Don Manuel María del Valle Inclán, baixo a dirección de Xosé Alexandre Cribeiro.



## EXPOSICIÓNS

Expón ininterrompidamente dende o 1968 que celebra a primeira individual na Galería de Arte de Información e Turismo de Pontevedra, nas diferentes salas de arte de Galicia, do Estado, así como diversos países, das que referimos:

Mercantil e Industrial de Pontevedra  
Casino de A Estrada - Pontevedra  
Liceo Marítimo de Vilagarcía - Pontevedra  
Fogar do Pescador de Vilaxoán - Pontevedra  
Sala de Arte Caixavigo de Vilagarcía- Pontevedra.  
Galería Groucho - Pontevedra  
Galería Van Gogh - Vigo  
Galería Altamira - Pontevedra  
Sala de Arte A.N.U.E. - Compostela  
Ateneo Santa Cecilia de Marín - Pontevedra  
Casa da Cultura de A Golada  
Casa da Cultura - Melide  
Valdearte'92. O Barco - Ourense  
Orfeón Unión Ourense - Ourense  
Sala de Arte de Caixa Pontevedra - Pontevedra  
Sala de Arte de Caixavigo - Vigo  
Sala de Arte de Cultura - Pontevedra.  
Sarmiento - Deputación de Pontevedra  
Casa da Cultura de Lubián - Zamora  
Casa do Concello de Mondariz Balneario  
Centro Recreativo e Cultural de Cangas - Pontevedra  
Triangular ó aire libre, Alameda de Cangas - Pontevedra.  
Museo Municipal de Lalín - Pontevedra  
Museo A Solaina de Piloño - Vila de Cruces  
Castelo-Parador Nacional de Baiona  
Casa da Cultura de Baiona  
Concello de O Carballiño  
Recinto Feiral de Pontevedra - Construgal e Municipalia.  
Pazo de Congressos e Exposicións Cotogrande  
Casa da Cultura de Porriño  
Gran Hotel da Toxa. Universo - Pontevedra  
...

entre outros, sendo as máis recentes:

- 1990 - Sala de arte de CAIXAVIGO - Vigo
- 1992 - Galería Altamira. Pontevedra.  
- Sala Provincial de Arte Caixa Pontevedra

- 1993 - Retrospectiva organizada pola Exma. Deputación de Pontevedra no Castelo de Souto maior "CAMAÑO XESTIDO - 25 anos de Pintura, Paixón e Escultura -"
- 1994 - Palacio de Congressos e Exposicións  
- Fundación Semana Verde. Berlín. Alemaña.  
- Galería 23 y 12, e salas de Arte do Centro Provincial das Belas Artes e Deseño da cidade La Habana (Cuba)
- 1995 - Palacio da Deputación Provincial de Pontevedra - Galicia "Serie negra afroamericana"
- 1996 - Instituto Cervantes (Lisboa, Portugal)  
- Casa de Iberoamérica (Holguín, Cuba)
- 1997 - Cámara de Río de Janeiro (Brasil)  
- Palacio Pedro Ernesto (Brasil)
- 1998 - "La Tentation"  
Casa de Galicia (Bruxelas, Bélxica)
- 1999 - Abadía de Santiaguíño o Peregrino Pontevedra  
- Palace Galería - Viseu (Portugal)
- 2000 - Galería Atelier Alambique Río Vide (Portugal)  
- Galería A Outra Margem Coimbra (Portugal)  
- Casa Galega da Cultura - Vigo  
- Castelo de Soutomaíor Soutomaíor - Pontevedra  
- GÓISARTE 2000- Góis, Portugal  
- Paços do Concelho - Montemor o Vello Montemor, Portugal  
- Barlovento/Sotavento Exposición Galicia-Cuba  
Sala Ángel Botello-Cangas (outubro)  
- "Catorce pincesis"  
Mostra Internacional Galería Hera - Galiza  
- "Raíces" Exposición Galicia - Arxentina  
Galería Amalia Domínguez Búa - Bueu  
- Palacio Moliere, Lyon - Francia  
- Universidade de Aveiro  
Fundação João de Magalhães - Portugal  
- Museo de Sintra - Portugal



- 2001
  - Galería de Arte Dorian - Vigo
  - Mostra de Arte Sacra
  - Casa da Bola - Cangas - Pontevedra
  - Paspertú - Cangas
  - "Carballart 01 - 5 propostas plásticas para o Orcellón" Carballiño - Ourense
  - GÖISARTE 2001 Góis - Portugal
  - Encontro - obradoiro/Galuart - Le Circle des Artistes de Québec. Museo A Mangallona
  - "5 propostas plásticas
  - Homenaxe ó Maestro José Delarra"
  - Sala Dominguez Búa - Bueu - Pontevedra
  - Salon Internationale d'Automne à Montréal - Canadá
  - "16 Propostas da Plástica Galega Homenaxe a Oliveira"
  - Galeria Hera - Porriño - Pontevedra
- 2002
  - "Arquitecturas"- Alliance Française de Vigo (50 aniversario da fundación)
  - "Arquitecturas, danzas e tradicións"
  - Galería ARGA - Moaña - Pontevedra
  - "I Salón Internacional de Primavera"
  - ARGA GALERÍA - Pontevedra
  - Facultade de Belas Artes de Pontevedra
  - "I Salón de Outono"
  - III Mostra Internacional Arga
  - Encontros "Arte - Natureza" (Invitado. Realización de intervencións e performance)
  - Galería El Anticuario - Vigo
- 2003
  - Capela do Hospital "Arquitecturas Sacras" (Monográfica sobre A Veracruz en homenaxe a Antonio Palacios)
  - IV Mostra ARGA - II Salón de Primavera
  - V Mostra ARGA - II Salón de Outono (Homenaxe a Juan Gris).
  - Artistas con Unicef - Sala Teucro - Pontevedra
- 2004
  - VI Mostra Arga - III Salón de Primavera Homenaxe ao Mestre Delarra
  - Galería Desván - Vigo
  - "De Galicia ao Ceará"
  - Estado de Ceará - Fortaleza - Brasil
  - "Lembrando a Dalí"
  - Sala de Exposicións da Fundación Aragüaney, Santiago de Compostela.
  - "NADIR. Camiño de Compostela"
- 2005
  - Lisboa e itinerancia - Portugal - España - Galicia
  - "Conexión 8". Mosteiro de Santo Estevo Ourense
  - VIII Mostra Arga. Galería Arga
  - Ministerio de Educação - Reitoría da Universidade Federal do Ceará- Brasil
  - "Mar adentro". Galería Centro Cultural Oboé, Fortaleza - Estado de Ceará, Brasil
  - Artistas con UNICEF. Sala Teucro - Pontevedra
- 2006
  - Facultade de Dereito da Universidade Federal do Ceará - UFC- Brasil. Ilustracións - Obra directa/intervención realizada durante unha conferencia sobre Cervantes e o Quixote, dictada polo Académico Dr. Pedro Paulo Monte negro, na Academia cearense das Letras.
  - Deseño e ilustración do álbum "Manxadoira" para a Banda Manxadoira
  - IX Salón de Primavera Arga Homenaxe a Mario Silva. Arga Galería
  - Tres máis tres Vigo. Sala I do Centro Cultural de Caixanova - Vigo
- 2007
  - X Salón de Primavera Arga - Encontros Galicia, Portugal, Angola. Arga Galería.
  - Tres máis tres Vigo. Salas de Exposicións da Casa de Galicia de Madrid
- 2008
  - Artistas con UNICEF. Sala Teucro - Pontevedra
- 2009
  - Tres máis Tres Vigo, Sala do Centro de Arte e Deseño - Deputación de Lugo Capela Santa Mariña Lugo
- 2010
  - Intervención e colectiva con AGAEC "In Fragantis na Fraga". Conferencia "Xestación e Xestión da Arte, Fundacións e Museos. A iniciativa Privada/Pública" Fundación Wenceslao Fernández Flórez Cambre - A Coruña
  - Colectiva. Casa das Artes - Vigo
  - "ARS IN ITINERE" Le Circle Culturel Malicien de Paris - Tour Eiffel París - Francia
- 2014
  - Cores con palabras (Artista convidado)
- ...



## INSTITUCIÓNS PÚBLICAS, MUSEOS E COLECCIÓNS

Conta con obras referenciadas nas seguintes entidades.

- Ministerio de Cultura de Cuba
- Dirección Xeral das B.B.A.A.  
Luz y Oficios - La Habana, Cuba
- Dirección Provincial de Cultura  
La Habana, Cuba
- Taller Nacional de Grabado  
La Habana, Cuba
- Museo “Casa de Iberoamérica”  
Holguín, Cuba
- Palacio Pedro Ernesto - Cámara de Río de Janeiro, Brasil.
- Casa de Galicia. “ La Tentación”  
Bruxelas - Bélxica
- Fundación Galicia - Europa, Bruxelas- Bélxica
- Col. Dr. Esteva- Anderson M. D. Houston - E.E.U.U.
- Col. Ecobès-Institut de Recherche Scientifique Estrasburgo
- Centros europeos do Proxecto Comenius:  
Instituto Colombini Piazenza - Italia; Lycée Hector Guimard - Lyon, Francia; Wilshemshaven - Alemania; Vantaa - Finlandia; Leça de Palmeira - Portugal; Instituto Scolastico P. Villari de Nápoles - Italia; Liceul C. Mihaell Kogalniceau de Foscania - Rumanía.
- Bialkovski, Bucarest, Rumanía
- Kammerer, Zurich, Suiza
- Colección Rosario Álvarez de Sotomayor, Casa- Museo de Sotomayor - Madrid
- V.M. Tobergte, Argentina
- CM. Cardona Sastre, Argentina
- Museo “A Solaina de Piloño”, Galicia
- Fondo para o Museo de O Barco, Galicia
- Concello de Corcubión, Galicia
- Concello de Láncaa- San Xulián, Galicia
- Concello de Cangas do Morrazo, Galicia
- Concello de Porto do Son, Galicia
- Centro Jovellanos, Asturias
- Facultade de Medicina - Universidade de Oporto - Portugal
- Consulado Xeral de España en Montréal, Québec (Canadá)
- Le Circle des Artistes Peintres et Sculpteurs du Québec (Canadá).
- Sala permanente en Arga Galería
- Colección Caixanova, Vigo - Galicia
- Casa-Museo de Camaño Xestido  
“A Mangallona”, Galicia

- Monumento público “Monumento nella Rotonda”  
Morrojaable - Pájara, Fuerteventura

...

## PREMIOS E DISTINCIÓNS

- Medalla conmemorativa “La Flora de Marianao ” ao labor artístico - cultural Cuba 1994
- Premio Ilustrísimo Concello de Cangas á Recuperación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental no seu conxunto. Letras Galegas do 1997
- Premio deseño imaxe corporativa FECIMO-2000
- Distinción da Cámara Municipal de Río de Janeiro polo labor artístico - cultural e función social da obra. Inserción nos Anais da Casa das Leis de Moçao - 2001
- Distinción da Assembléa Legislativa do Estado do Río de Janeiro polo labor artístico - cultural e proxección social. Publicación no Diario Oficial do Estado do Río de Janeiro/ Poder Legislativo 29.06.01
- Medalla de Ouro, outorgada no Salón Internationale d’ Automne á Montréal - 18e Grand Concours Annel (Canadá) 2001. Trofeo Ciudad de Montréal - 2001
- Acordo de: Recoñecemento ao seu labor artístico - cultural, tomado pola Comisión Municipal de Goberno do Concello de Cangas, de data 28.06.02 - punto 11º. Entrega de distinción polo seu labor. Maio de 2002
- Distinción da Associação Iberoamericana de Dereito Constitucional co “Diploma de Socio Honorario e por súas contribucións culturais e plásticas à amizade Cerará / Galicia”
- Distinguido na súa IV Edición co “Premio Cacarexo” ao Labor Social e Cultural de Coiro, Cangas, Comarca do Morrazo e Galiza
- Premio Xohán de Cangas ao Labor Cultural. Cangas, Letras Galegas de 2010
- Premio Xohán de Cangas á Creación Artística. Cangas, Letras Galegas de 2013

...

## BIBLIOGRAFÍA

- Gran Enciclopedia Galega (Camaño Xestido, Camilo - Tomo 33 - páx. 174)
- Encontros (A Golada). Cat. Consellería de Cultura- Xunta de Galicia - 1991
- “Camaño Xestido:25 anos de pintura, paixón e escultura”. Cat. Deputación de Pontevedra- 93
- “Camaño Xestido: Serie negra afro- americana”.Cat. Deputación de Pontevedra- 1995



- “O Apóstolo, Pontevedra e os Camiños”. Concello de Pontevedra, 1999.
- “Raíces”, Col. Galaico - Arxentina. Cat. Deputación, Xunta, Concello de Bueu, Consulado - 2000
- “Galuart-Grupo 13”. Cat. Deputación Pontevedra - 2000
- Galuart. Cat. Fundação João de Magalhães. Universidade de Aveiro- 2000
- Galuart. Cat. Câmara Municipal de Montemor o Velho-2000 - Portugal
- “5 propostas plásticas para O Orcellón”. Concello de Carballiño- 2001
- Jours d’Alliance 50. Cinquantenaire de l’Alliance Française, Decembro 2001
- O trazo aberto. Serv. de Publicacións da Deputación de Pontevedra- 2002
- Livre d’art sur les pensées d’artistes CAPSQ- Québec- Canadá. 2002
- Cangas na Historia. A Cepa - 2003
- Historia Fotográfica de Cangas, século XX (Serv. De Publicacións da Deputación de Pontevedra - 2003)
- Lembrando a Dalí Deputación de A Coruña, 2004
- “NADIR”- Camiño de Compostela Xunta de Galicia- Consellería de Cultura, 2004
- Centro Cultural Oboé Ceará Fortaleza- Brasil, 2005
- Centro Cultural Oboé Ceará Fortaleza- Brasil, 2006
- Facultade de Dereito da Universidade Federal do Ceará- UFC- Brasil, 2006
- Tres máis tres Vigo - Cat.. Caixanova. 2006
- Tres mais Tres Vigo - Cat. Casa de Galicia - Madrid. 2007
- “El tesoro de La Mangallona”, de Salvador Rodríguez (F.V.)
- Guías Culturais - Artistas de Galicia (Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, comunicación Social e Turismo.
- “Cangas Viva, 1940/1975”. Asociación Cultural A Cepa-2008 - Editorial Galaxias SA.
- Traballo documental: “Camaño Xestido e A Mangallona”, de Emma Alonso González e, colaboración como cámara de Martín Rodas Bermúdez.
- Partitura composta polo Mestre Carballo (derradeira partitura do compositor galego, de data 1995): “A Camilo Camaño Xestido / Luces na Mangallona”(pasodoble), estreada pola Banda Bellas Artes, o día das Letras de 2006. No 2009 o Mestre Ernesto Campos, fai unha adaptación para banda de gaitas.
- Estrea das dúas partituras do Mestre Carballo “Luces na Mangallona”, adaptadas para banda de gaitas, arranxos realizados polos compositores, Ernesto Campos e Anxo Gago.

- Estrea da partitura “As Artes da Pedra Moura” de Ernesto Campos
- Estrea da Partitura “Lembrando a Camilo” de Anxo Gago
- Estrea da partitura “República da Mangallona” de Ernesto Campos
- Estrea no XXV Aniversario de Xornadas de Portas Abertas da Casa-Museo A Mangallona, da suite “A Bueu nun bou”
- Publicacións AETINAPE
- Casa-Museo de Camaño Xestido “A Mangallona”. Plan Museolóxico
- Casas Museo. Fundación Casas Históricas y Singulares
- Hemerotecas
- ...





FUNDACIÓN  
CASA - MUSEO DE CAMAÑO XESTIDO  
FOUNDATION  
CASA - MUSEO DE CAMAÑO XESTIDO  
**A MANGALLONA**

CUADERNOS DE A MANGALLONA  
GUIDEBOOKS TO A MANGALLONA  
Nº 2

## CASA-MUSEO DE CAMAÑO XESTIDO A MANGALLONA

Recorrido por el tiempo de la Casa-Museo, así como síntesis de continentes  
(Mangallona, Pedra Moura y Capilla-Biblioteca) y contenidos genéricos  
de las once salas y exteriores de las que se compone el conjunto.

---

Past and present of the House Museum and brief introduction to the buildings  
("Mangallona", "Pedra Moura," and "Capela-Biblioteca")  
and the works exhibited therein.



## AGRADECIMIENTOS / ACKNOWLEDGMENTS

A todas y todos los miembros que conforman el Colectivo de Amigos da Mangallona, por su incondicional apoyo, Miembros de Pleno Derecho de la Fundación Casa-Museo de Camaño Xestido “A Mangallona” A.C. y, de manera especial a las y los componentes del Patronato, por su incondicional entrega y compromiso con el proyecto del conjunto museístico y a su desarrollo.

To all the members who make up the group “Amigos da Mangallona” for their unconditional support, “Miembros de Pleno Derecho de la Fundación Casa-Museo de Camaño Xestido ‘A Mangallona’ A.C.”; and especially, to the members of the Municipal Patronage for their total commitment to the project and the development of the House Museum.

Realización y documentación / Text and research  
Padroado da Fundación Casa-Museo de Camaño Xestido  
“A Mangallona”

Fotografía / Photography  
Fondos da Fundación

Revisión de textos / Text revision  
Xosé Manuel Pazos Varela

Traducción al inglés / English translation  
Jazmina Soliño Dobarro

Maquetación / Printing Press  
Beatriz Giraldez Camaño . adetrix

Edita / Edited  
Fundación Casa-Museo de Camaño Xestido “A Mangallona” A.C.  
Cadernos de “A Mangallona” Nº 2

Imprime / Published  
Irisar · Cangas do Morrazo

Depósito legal / Legal deposit  
PO 628-2014

ISBN/ ISBN  
978-84-617-2748-3

---

2ª Edición (otoño de 2014), actualizada de una primera edición de carácter limitado y realizada con motivo del “Día das Letras Galegas” de 2011.

---

Second Edition (Autumn 2014), updated from a limited edition on the occasion of the “Día das Letras Galegas,” 2011.

---





A María Núñez Jalda,  
por tanta vida entregada a A Mangallona

---

To María Núñez Jalda for the time devoted to A Mangallona



## “A MANGALLONA” Y SU CREADOR, CAMILO

- pág. 08 -

La presente publicación tiene su origen en la figura del artista Camilo Camaño Xestido. Podemos decir que es el hilo conductor de este recorrido, ser humano polifacético donde los haya, acostumbrado ya a recibir halagos, no sólo por la creación que vierten sus manos y su intelecto, sino también por la calidad humana que rezuma cada célula de su complejo organismo.

Esta es una de las publicaciones que hacemos, desde la Fundación Casa Museo de Camaño Xestido “A Mangallona” AC. Uno de los que esperamos realizar el grupo humano que conforma dicha Fundación. De este modo, nos presentamos con el único fin de divulgar la labor creativa de Camaño Xestido y la existencia de la Casa –Museo. Una institución que bien vale el esfuerzo, y mucho más, pues toda una vida de expresión artística, no se puede condensar en unos cientos de documentos, ni en miles realmente. Para eso están los sentimientos y las sensaciones que pueda despertar la contemplación de una obra del Maestro Camaño. Aunque hay mucho más que su obra en la Casa Museo, es también su esencia la que vertebra cada metro cuadrado de ese conjunto museístico, que se levanta en la falda de la Fraga de Coiro. Si las auras y las buenas vibraciones fueran visibles al ser humano, ese reducto de terreno donde se ubica “A Mangallona”, sería un haz de colores cálidos, atrayentes como un gran faro en medio de un oscuro océano, un lugar que hay que visitar al menos una vez en la vida, como

ciertos lugares cargados de espiritualidad o mayúsculo interés. Sin ánimo de adoctrinar, pero sí de hacer apología en orden a lo que es justo y merecido, se presenta este análisis básico de lo que significa y dónde se ubica en el orden de las cosas materiales e incorpóreas, la Casa Museo de Camaño Xestido “A Mangallona”.

En este sucinto paso por el conjunto museístico, se vertebran los diferentes estilos artísticos por los que discurre la vida creativa de Camaño Xestido. Entramos ya en el contenido. Se analizan no sólo los periodos estilísticos, sino lo que va más allá de lo meramente visual, las emociones que pertenecen al plano de la percepción y que aportan estos diversos puntos de vista de los casi cincuenta años de vida de la producción artística de Camaño Xestido. Sus “alumbraamientos” como él los llama.



Si quisiésemos aproximarnos a la parte más desenfadada y cercana a la figura de Camilo, irremediadamente nos conduciría a ahondar en tantos escritos dedicados a su persona, por amigos/admiradores/investigadores, en los que se narra la doble vertiente de este artista: su calidad plástica y su calidad humana.

Para concluir, destacar como parte esencial el apartado gráfico, que recrea como una realidad sincera, las expresiones artísticas que encierra la Casa-Museo.

Si bien después de leer esta introducción, uno busca con ansia curiosa la musa de Camilo en su obra, basta decir que su musa sin duda ha sido su vida, sus hijas y su nieta (sus tres amores) y el cúmulo de seres humanos que han completado y completan su existencia. Que esta publicación sea solo una sucinta guía, pues su arte no tiene fin, él mismo le da nombre y para siempre nos queda lo que sus dedos vertebran con mil colores o con uno sólo. La imaginación para Camilo, ya no necesita de grandes cromatismos, pues ha llegado a tal punto de unificación creativa, que la más pura de las líneas puede encerrar décadas de aprendizaje y sabiduría.

Este texto Camilo, va dedicado a tu persona, con la misma humildad que nos has transmitido tú. A los que nos hemos cruzado en tu camino, el Destino y las Moiras nos han repartido una baraja con estrella, en esta partida que es la vida. Esa estrella es tu existencia, que resplandece ya en el Cosmos de las Artes, llamadas tradicionalmente, “Bellas”.

Pilar Monroy Fernández  
(extracto)

## PASADO Y PRESENTE DE LA CASA DE A MANGALLONA

### Síntesis

- pág. 11 -

Las imágenes que se incluyen a continuación son una fiel muestra de la sensible transformación que ha sufrido la casa que fuera de Don Juan Fraga y que, con el paso del tiempo, quedara en absoluto abandono debido entre otras razones, a la mala fama que esta había tenido, luego de ser habitada por Doña Leonor Fraga, fama que sigue latente en las memorias de la vecindad.

Un mural, en la entrada principal de dicha casa, trata de ilustrar, en síntesis, las leyendas e historias que siguen vivas

gracias a la tradición oral, recreadas en acontecimientos, entre verdades y medias verdades, que pesan sobre la Mangallona, -así era conocida doña Leonor, hija del Señor de las Fragas y última habitadora de la referida mansión-

